



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 – FRADES (A Coruña)
Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579
e-mail: correo@frades.gal

ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
2019/G010/000006	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria Motivo: «En cumprimento do disposto no artigo 38 do ROF»
Data	5 de xullo de 2019
Duración	Desde as 13:35 ata as 14:21 horas
Lugar	Salón de Plenos do Concello de Frades
Presidida por	ROBERTO REY MARTÍNEZ
Secretaria	CARMEN GÓMEZ OTERO

ASISTENCIA Á SESIÓN

DNI	Nome e Apelidos	Asiste
79314640Z	ROBERTO REY MARTÍNEZ	SÍ
76363609K	MARÍA DE LOS ÁNGELES ÁLVAREZ CARRO	SÍ
46910475C	JESÚS MIGUEL PRADO CEA	SÍ
34893023E	MANUEL FERREIRO MARZOA	SÍ
76329065T	JESÚS FRANCO SÁNCHEZ	SÍ
44842883J	ÓSCAR BOTANA RÚA	SÍ
76368290X	JOSE CARLOS PORTOS BRA	SÍ
45955540E	ENRIQUE ASTRAY OTERO	SÍ
76363600N	JOSÉ LUIS PEREIRA BAO	SÍ
79310360N	AURELIO GAREA PORTOS	SÍ
35314415P	MANUEL MÍGUEZ VILLAVERDE	SÍ



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 – FRADES (A Coruña)
Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579
e-mail: correo@frades.gal

Unha vez verificada pola **Secretaría** a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

Antes de comezar coa orde do día, o **Sr. Alcalde** da a benvinda a todos os novos/as concelleiros/as que forman a nova corporación; ao mesmo tempo fai un recoñecemento a aqueles que formaron parte da anterior corporación e que xa non están nesta nova lexislatura. Remata desexando que este mandato sexa frutífero e que dea resposta a todas as necesidades dos/das fradenses.

A) PARTE RESOLUTIVA

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O 15 DE XUÑO DE 2019

Favorable **Tipo de votación:** Unanimidade

Dada conta do borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria celebrada o día 15 de xuño de 2019, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

2.- DACIÓN DE CONTA DA CONSTITUCIÓN DOS GRUPOS MUNICIPAIS.

Dáse conta do único escrito presentado en cumprimento do disposto nos artigos 24 e 25 do Real Decreto 2568/1986, de 26 de novembro, mediante os cales veñen a constituírse os grupos políticos desta Corporación municipal e nos que se designan voceiros e, no seu caso, suplentes.

- Grupo municipal do Partido Popular. Rexistro de entrada nº 600/2019 de data 18 de xuño de 2019 (Voceiro: D. Manuel Ferreiro Marzoa. Suplente: D. Roberto Rey Martínez)

En consecuencia os grupos políticos municipais son:

Grupo municipal do Partido Popular.

O Sr. Alcalde- Presidente advirte que no rexistro de entrada non consta escrito de constitución doutros grupos municipais presentados en prazo, debido a que o artigo 24 do ROF establece un prazo de cinco días hábiles seguintes á Constitución da Corporación.

Constan presentados fora de prazo os seguintes escritos:

- Grupo municipal do PS de G- PSOE. Rexistro de entrada nº 644/2019 de data 4 de xullo de 2019 (Voceiro: D. Enrique Astray Otero. 1º Suplente: D. José Luis Pereira Bao. 2º Suplente Don Aurelio Garea Portos).
- Grupo mixto (BNG). Rexistro de entrada nº 643/2019 de data 4 de xullo de



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 – FRADES (A Coruña)
Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579
e-mail: correo@frades.gal

2019 (Voceiro: D. Manuel Míguez Villaverde.)

O Sr. Alcalde- Presidente concede a palabra ao concelleiro do Grupo Municipal do PSdG-PSOE D. Enrique Astray Otero que solicita comprensión, apoio ao Pleno e boa vontade, debido a que non presentaron a constitución dos grupos políticos en prazo por ignorancia sobre as datas e falta de experiencia, e menciona a sentenza, entre outras, do TSX de Murcia 78/2010, de data 12 de febreiro de 2019, que establece que o dito prazo non ten efectos definitivos senón que establece un calendario, pero prevalece en todo momento o artigo 23 da CE como dereito fundamental.

O Pleno da Corporación, vistas as consideracións expostas, por unanimidade, acorda ter por admitidos os escritos anteriores e polo tanto ter como constituídos os seguintes grupos políticos:

Grupo municipal do Partido Popular.
Grupo municipal do PS de G- PSOE.
Grupo mixto (BNG).

3.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DO PLENO

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade

Para explicar este punto o Alcalde comeza dicindo que, constituída a Corporación Local en sesión plenaria do 15/06/2019, a consecuencia das pasadas eleccións locais de 26/05/2019, a Alcaldía-Presidencia propón, en primeiro lugar, determinar unha periodicidade bimensual para as sesións ordinarias do Pleno da Corporación e que ditas sesións se celebren ordinariamente o segundo venres de cada mes, sendo o horario de celebración as 13:30 horas; e, en segundo lugar, que se faculte ao Alcalde para modificar, por causa xustificada, a data de celebración da sesión ordinaria adiantando ou retrasando o día de celebración nun intervalo máximo de sete días naturais, conservando o carácter de ordinaria.

Pide intervir o voceiro do grupo do Partido Socialista, D. **Enrique Astray Otero**, para agradecer día de celebración das sesións plenarias, aínda que alega que non está de acordo co horario. Contesta o portavoz do grupo municipal do PP, D. Manuel Ferreiro Marzoa sinalando que é o mínimo que establece a Lei Galega, e conclúe dicindo o Alcalde que se trata dunha hora que lle ven ben aos concelleiros/as que traballan.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia en relación co asunto que se trata de seguido.

Constituída a Corporación local en sesión celebrada o 15 de xuño de 2019, como consecuencia das eleccións locais do día 26 de maio de 2019, convocadas por Real Decreto 209/2019, de 1 de abril, polo que se convocan eleccións locais e ás



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 – FRADES (A Coruña)
Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579
e-mail: correo@frades.gal

Asembleas de Ceuta e Melilla para o 26 de maio de 2019, de conformidade co disposto no artigo 38 do RD 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), procede determinar o réxime da periodicidade das sesións ordinarias do Pleno.

Considerando o disposto no artigo 46.2 a) da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local, no artigo 210 da Lei galega 5/1997 de Administración Local e no artigo 78 do Real Decreto 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

ACORDAMOS:

PRIMEIRO.- Determinar unha periodicidade bimensual para as sesións ordinarias do Pleno da Corporación.

As sesións celebraranse ordinariamente o segundo venres de cada mes, sendo o horario de celebración as 13: 30 horas os seguintes meses:

- Xaneiro
- Marzo
- Maio.
- Xullo.
- Setembro.
- Novembro.

SEGUNDO.- Facultar ao Alcalde para modificar, por causa xustificada, a data de celebración da sesión ordinaria adiantando ou retrasando o día de celebración nun intervalo máximo de sete días naturais, conservando o carácter de ordinaria.

4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN DA PERIODICIDADE DAS SESIÓNS ORDINARIAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Favorable

Tipo de votación: Maioría absoluta

A favor: 7

En contra: 1

Abstencións: 3

Ausentes: 0

Toma a palabra o **Sr. Alcalde-Presidente** que procede á lectura da proposta.

Intervén o concelleiro do Grupo mixto-BNG D. Manuel Míguez Villaverde que sinala que se trata dun incremento da periodicidade das sesións de máis do 50% inxustificado.

Non habendo intervencións, sométese o asunto a votación, adoptándose, por maioría absoluta, o seguinte **ACORDO**, co voto favorable dos concelleiros/as do grupo municipal do PP (7), coa abstención dos concelleiros DO GRUPO MUNICIPAL DO PSdG-



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 – FRADES (A Coruña)
Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579
e-mail: correo@frades.gal

PSOE, e co voto en contra do concelleiro do grupo mixto-BNG.

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia en relación co asunto que se trata de seguido.

Constituída a Corporación Local en sesión celebrada o 15 de xuño de 2019, como consecuencia das eleccións locais do día 26 de maio de 2019, convocadas por Real Decreto 209/2019, de 1 de abril, polo que se convocan eleccións locais e ás Asembleas de Ceuta e Melilla para o 26 de maio de 2019, de conformidade co disposto no artigo 38 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), procede determinar o réxime da periodicidade das sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local.

Considerando o sinalado no artigo 211 da Lei galega 5/1997 de Administración Local, no artigo 112 e 113 do RD 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

ACORDAMOS:

Determinar unha periodicidade de tres sesións ordinarias da Xunta de Goberno Local ao mes.

5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA RELATIVA ÁS COMISIÓNS INFORMATIVAS DO CONCELLO

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade

O Sr. Alcalde explica que neste punto se determinan a creación das seguintes Comisións Informativas:

- Comisión informativa de Facenda e Especial de Contas
- Comisión informativa do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

Continúa dicindo que, en segundo lugar, propónse que as sesións ordinarias das Comisións Informativas se celebren con periodicidade bimensual, entre o oitavo e o cuarto día hábil anterior ao día de celebración da sesión ordinaria do Pleno, sempre que na orde do día deste último se inclúan asuntos que deban ser ditaminados previamente por algunha das citadas Comisións Informativas.

Así mesmo, establécese que a composición de cada unha das Comisións informativas será a seguinte, logo de ver a admisión dos escritos do PSOE e BNG de constitución de grupos políticos, o que fai variar a proposta inicial da Alcaldía:

- 4 membros en representación do grupo municipal do PP, incluíndo a presidencia.
- 2 membros en representación do grupo municipal do PSOE
- 1 membro en representación do BNG-grupo mixto.

Sinala que a designación concreta dos/as Concelleiros/as membros das Comisións Informativas que lles corresponden a cada grupo, realizarase mediante escrito do seu Voceiro/a dirixido ao Alcalde. Poderá sinalar tantos suplentes como titulares lle corresponden ao seu grupo.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 – FRADES (A Coruña)
Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579
e-mail: correo@frades.gal

Por último, di que a proposta finaliza cun cuarto punto que establece que o Alcalde é o Presidente nato de todas as Comisións informativas. Non obstante, poderá delegar a Presidencia noutro Concelleiro, a proposta da propia Comisión trala correspondente elección efectuada no seu seo.

Non habendo intervencións, sométese o asunto a votación, adoptándose, por unanimidade, o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia en relación co asunto que se trata de seguido.

Constituída a Corporación local en sesión celebrada o 15 de xuño de 2019, como consecuencia das eleccións locais do día 26 de maio de 2019, convocadas por Real Decreto 209/2019, de 1 de abril, polo que se convocan eleccións locais e ás Asembleas de Ceuta e Melilla para o 26 de maio de 2019, de conformidade co disposto no artigo 38 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), procede determinar a creación e composición das Comisións informativas permanentes .

Considerando que o artigo 124 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), sinala que corresponde ao Pleno decidir o número e denominación iniciais das Comisións informativas permanentes, a proposta do Alcalde.

Considerando que a Comisión Especial de Contas é de existencia obrigada en todos os Concellos, tal e como sinalan os artigos 20 e 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e 66 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Considerando o sinalado no artigo 20 da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local, nos artigos 66, 67, 68 e 212 da Lei galega 5/1997 de Administración Local e nos artigos 29, 123, 124 125, 127 e 134 do RD 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

ACORDAMOS:

PRIMEIRO.-Determinar a creación das seguintes Comisións Informativas:

- Comisión informativa de Facenda e Especial de Contas
- Comisión informativa do Plan Xeral de Ordenación Municipal.

SEGUNDO.- Determinar que as sesións ordinarias das Comisións Informativas se celebren con periodicidade bimensual, entre o oitavo e o cuarto día hábil anterior ao día de celebración da sesión ordinaria do Pleno, sempre que na orde do día deste último se inclúan asuntos que deban ser ditaminados previamente por algunha das citadas Comisións Informativas.

TERCEIRO.- A composición de cada unha das Comisións informativas será a seguinte:

- 4 membros en representación do grupo municipal do PP, incluíndo a presidencia.
- 3 membros en representación do grupo mixto.

A designación concreta dos/as Concelleiros/as membros das Comisións Informativas



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 – FRADES (A Coruña)
Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579
e-mail: correo@frades.gal

que lles corresponden a cada grupo, realizarase mediante escrito do seu Voceiro dirixido ó Alcalde. Poderá sinalar tantos suplentes como titulares lle corresponden ó seu grupo.

CUARTO.- O Alcalde é o Presidente nato de todas as Comisións informativas. Non obstante, poderá delega-la Presidencia noutro Concelleiro, a proposta da propia Comisión trala correspondente elección efectuada no seu seo.

6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN DA ALCALDÍA COMO CARGO DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA

Favorable

Tipo de votación: Maioría absoluta

A favor: 7

En contra: 0

Abstencións: 4

Ausentes: 0

O Sr. Alcalde- Presidente explica que o salario do Alcalde incrementase segundo o IPC, non incrementado dende o 2012, e que o tope que marca a lei está en 42.500,00 euros/ano, e propón, en primeiro lugar, recoñecer e aprobar a dedicación exclusiva para o cargo de Alcalde-Presidente, en segundo, lugar, establecer as retribucións a percibir en 38.615,96 euros brutos anuais, en terceiro lugar dar de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social ao Alcalde-Presidente, asumindo o Concello o pagamento das cotas empresariais á Seguridade Social que lle correspondan, e, por último, dotar ao acordo que se adopte de efectos retroactivos, dende o 15 de xuño de 2019, data da toma de posesión do Alcalde, de conformidade coa doutrina sinalada polo Tribunal Supremo nas súas sentenzas de 12 de novembro de 1986, 3 de xullo de 2000 e 6 de febreiro de 2001.

Non habendo intervencións, sométese o asunto a votación, adoptándose, polos votos a favor do Partido Popular e coa abstención do Partido Socialista, e Grupo Mixto (BNG), o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia en relación co asunto que se trata de seguido.

Constituída a Corporación Local en sesión celebrada o 15 de xuño de 2019, como consecuencia das eleccións locais do día 26 de maio de 2019, convocadas por Real Decreto 209/2019, de 1 de abril, polo que se convocan eleccións locais e ás Asembleas de Ceuta e Melilla para o 26 de maio de 2019, de conformidade co disposto no artigo 38 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).

Considerando que o artigo 75 da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local e o artigo 13 do RD 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dispoñen que os membros das Corporacións Locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos e por desenvolver responsabilidades que así o requiran cando os desempeñen con dedicación parcial ou exclusiva, en cuxo caso serán dados de alta no Réxime de Seguridade Social, asumindo a Corporación o pagamento das cotas empresariais que



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 – FRADES (A Coruña)
Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579
e-mail: correo@frades.gal

correspondan.

Considerando que o artigo 13 do Real Decreto 2568/1986 establece que será o Pleno da Corporación, a proposta do Presidente, o que determinará a relación de cargos da Corporación que poderán desempeñarse en réxime de dedicación exclusiva, así como as contías que correspondan a cada un deles en atención ao seu grao de responsabilidade.

ACORDAMOS:

PRIMEIRO.- Recoñecer e aprobar a dedicación exclusiva para o cargo de Alcalde - Presidente.

SEGUNDO.- Establecer as retribucións a percibir en 38.615,96 euros brutos anuais.

TERCEIRO.- Dar de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social ao Alcalde - Presidente, asumindo o Concello o pagamento as cotas empresariais á Seguridade Social que lle correspondan.

CUARTO.- Dotar a este Acordo de efectos retroactivos, dende o 15 de xuño de 2019, data da toma de posesión do Alcalde, de conformidade coa doutrina sinalada polo Tribunal Supremo nas súas sentenzas de 12 de novembro de 1986, 3 de xullo de 2000 e 6 de febreiro de 2001.

7.- PROPOSTA DE RECOÑECIMENTO E APROBACIÓN DE DEDICACIÓN EXCLUSIVA PARA O CARGO DE TERCEIRO TENENTE DE ALCALDE.

Favorable	Tipo de votación: Maioría absoluta A favor: 7 En contra: 0 Abstencións: 4 Ausentes: 0
------------------	--

O Sr. Alcalde- Presidente procede á lectura da proposta da Alcaldía.

Non habendo intervencións, sométese o asunto a votación, adoptándose, polos votos a favor do Partido Popular e en contra do Partido Socialista, Móvete e Grupo Mixto (BNG), o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia en relación co asunto que se trata de seguido.

Constituída a Corporación Local en sesión celebrada o 15 de xuño de 2019, como consecuencia das eleccións locais do día 26 de maio de 2019, convocadas por Real Decreto 209/2019, de 1 de abril, polo que se convocan eleccións locais e ás Asembleas de Ceuta e Melilla para o 26 de maio de 2019, de conformidade co disposto no artigo 38 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).

Considerando que o artigo 75 da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local e o artigo 13 do RD 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de



Concello de **FRADES**

Cimadevila, 10
15686 – FRADES (A Coruña)
Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579
e-mail: correo@frades.gal

Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, dispoñen que os membros das Corporacións Locais percibirán retribucións polo exercicio dos seus cargos e por desenvolver responsabilidades que así o requiran cando os desempeñen con dedicación parcial ou exclusiva, en cuxo caso serán dados de alta no Réxime de Seguridade Social, asumindo a Corporación o pagamento das cotas empresariais que correspondan.

Considerando que o artigo 13 do Real Decreto 2568/1986 establece que será o Pleno da Corporación, a proposta do Presidente, o que determinará a relación de cargos da Corporación que poderán desempeñarse en réxime de dedicación exclusiva, así como as contías que correspondan a cada un deles en atención ao seu grao de responsabilidade.

ACORDAMOS:

PRIMEIRO.- Recoñecer e aprobar a dedicación exclusiva para o cargo de terceiro tenente de alcalde e Concelleiro de Facenda, Ensino e Medio Rural, Sanidade, Limpeza viaria, Infraestruturas, e Servizos e Obras Municipais.

SEGUNDO.- O réxime de dedicación será do 100% do que constitúe a xornada habitual dun funcionario (que é de 37,5 horas semanais). As correspondentes horas semanais desenvolveranse cun horario flexible.

TERCEIRO.- Establécese a contía a percibir en 24.617,00 euros brutos anuais.

CUARTO.- Proceder a dar a alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo o Concello o pagamento as cotas empresariais que lle correspondan.

QUINTO.- Para que este acordo resulte efectivo, será preciso que o concelleiro en concreto aporte a correspondente aceptación por escrito e declaración sobre as retribucións que poida percibir con cargo ós Orzamentos doutras Administracións públicas. E que, previa fiscalización da Intervención municipal, se dite o correspondente Decreto de Alcaldía en execución do presente, recoñecendo todas esas circunstancias.

Asemade, e se en virtude da súa declaración sobre as retribucións que poida percibir, resulta de aplicación a normativa sobre incompatibilidades, adoptárase previamente o acordo plenario que puidera corresponder.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DE ALCALDÍA DE DETERMINACIÓN DE ASIGNACIÓNS A GRUPOS MUNICIPAIS

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade

O Sr. Alcalde- Presidente procede á lectura da proposta da Alcaldía.

Non habendo intervencións, sométese o asunto a votación, adoptándose, por unanimidade o seguinte **ACORDO:**



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 – FRADES (A Coruña)
Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579
e-mail: correo@frades.gal

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia en relación co asunto que se trata de seguido.

Constituída a Corporación Local en sesión celebrada o 15 de xuño de 2019, como consecuencia das eleccións locais do día 26 de maio de 2019, convocadas por Real Decreto 209/2019, de 1 de abril, polo que se convocan eleccións locais e ás Asembleas de Ceuta e Melilla para o 26 de maio de 2019, de conformidade co disposto no artigo 38 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF).

Considerando o sinalado no artigo 73.3 da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local.

ACORDAMOS:

PRIMEIRO.- Asignar a cada un dos grupos políticos municipais e a efectos da súa actuación corporativa, as asignacións económicas seguintes, integradas por un compoñente fixo de 100,00 euros mensuais por grupo político e outro de 100,00 euros mensuais por concelleiro/a.

A periodicidade do pago será trimestral.

SEGUNDO.- Iniciar as actuacións precisas a fin de modificar a Base Adicional única das Bases de Execución do Orzamento para 2019 para acomodala ao presente acordo.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE ASISTENCIAS A ÓRGANOS COLEXIADOS

Favorable	Tipo de votación: Maioría absoluta A favor: 10 En contra: 0 Abstencións: 1 Ausentes: 0
------------------	---

O Sr. Alcalde- Presidente procede a explicar a proposta da alcaldía.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación, adoptándose, polos votos a favor do Partido Popular e Partido Socialista e a abstención do Grupo Mixto (BNG), o seguinte **ACORDO:**

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia en relación co asunto que se trata de seguido.

Constituída a Corporación Local en sesión celebrada o 15 de xuño de 2019, como consecuencia das eleccións locais do día 26 de maio de 2019, convocadas por Real Decreto 209/2019, de 1 de abril, polo que se convocan eleccións locais e ás Asembleas de Ceuta e Melilla para o 26 de maio de 2019, de conformidade co disposto no artigo 38 do RD 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 – FRADES (A Coruña)
Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579
e-mail: correo@frades.gal

(ROF).

Considerando o sinalado no artigo 73.3 da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local; no artigo 13.6 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

ACORDAMOS:

PRIMEIRO.- Asignar por asistencia aos órganos colexiados, presidencia incluídas, as cantidades seguintes por sesión e concelleiro:

- Asistencia a Pleno: 125,00 €uros.
- Asistencia a Xunta de Goberno Local: 150,00 €uros
- Asistencia a Comisións informativas: 100,00 €uros

A periodicidade dos pagos será trimestral.

SEGUNDO.- Iniciar as actuacións precisas a fin de modificar as Bases de Execución do Orzamento para 2019 para acomodala ao presente acordo.

10.- PROPOSTA DE ASIGNACIÓN AOS GRUPOS POLÍTICOS AS REPRESENTACIÓN MUNICIPAIS EN CONSELLOS ESCOLARES.

Favorable

Tipo de votación: Maioría absoluta

A favor: 7

En contra: 0

Abstencións: 4

Ausentes: 0

O Sr. Alcalde- Presidente, da lectura á proposta que se transcribe de seguido: Asignar ós grupos políticos as seguintes representacións municipais nos Consellos Escolares dos centros de ensino, e outros organismos:

Colexio de Pontecarreira:

Titular: Manuel ferreiro Marzoa
Suplente: Juan Carlos Portos Bra

Mancomunidade de Ordes:

Titular Roberto Rey Martínez
Suplente: Angeles Alvarez Carro

ASDECOMOR:

Titular: Roberto Rey Martínez
Suplente: Manuel Ferreiro Marzoa.

A designación en concreto das persoas que han de ocupar estes cargos efectuarase por escrito asinado polo/a Voceiro/a de cada grupo e dirixido á Alcaldía.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 – FRADES (A Coruña)
Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579
e-mail: correo@frades.gal

O nomeamento, en execución deste acordo, realizarase por Decreto de Alcaldía.

Non habendo, sométese o asunto a votación, adoptándose, polos votos a favor do Partido Popular e a abstención do Partido Socialista e Grupo Mixto (BNG), o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia en relación co asunto que se trata de seguido.

Constituída a Corporación local en sesión celebrada o 15 de xuño de 2019, como consecuencia das eleccións locais do día 26 de maio de 2019, convocadas por Real Decreto 209/2019, de 1 de abril, polo que se convocan eleccións locais e ás Asembleas de Ceuta e Melilla para o 26 de maio de 2019, de conformidade co disposto no artigo 38 do RD 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROF), procede acordar en Pleno o nomeamento de representantes da Corporación en órganos colexiados.

Considerando o sinalado no artigo 38 do RD 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e no artigo 126 da Lei Orgánica 3/2006 de Educación,

ACORDAMOS:

Asignar ós grupos políticos as seguintes representacións municipais nos Consellos Escolares dos centros de ensino, e outros organismos:

A designación en concreto das persoas que han ocupar estes cargos efectuarase por escrito asinado polo Voceiro de cada grupo dirixido á Alcaldía.

O nomeamento, en execución deste acordo, realizarase por Decreto de Alcaldía.

Colexio de Pontecarreira: Titular: Manuel ferreiro Marzoa
Suplente: Juan Carlos Portos Bra

Mancomunidade de Ordes: Titular Roberto Rey Martínez
Suplente: Angeles Alvarez Carro

ASDECOMOR: Titular: Roberto Rey Martínez
Suplente: Manuel Ferreiro Marzoa.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

11.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA nº 2019-113 DE NOMEAMENTO DE CONCELLEIROS/AS MEMBROS DA XUNTA DE GOBERNO



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 – FRADES (A Coruña)
Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579
e-mail: correo@frades.gal

LOCAL

Dáse conta do Decreto da Alcaldía nº 2019-113, de 2 de xullo de 2019, que se transcribe de seguido:

<<**Descrición decreto:** DECRETO ALCALDÍA DESIGNACIÓN MEMBROS XUNTA DE GOBERNO LOCAL

DON ROBERTO REY MARTÍNEZ
ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE FRADES

Visto o sinalado no artigo 23 da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local.

Visto o sinalado no artigo 65 da Lei galega 5/1997 de Administración Local.

Visto o sinalado nos artigos 52 e 46 do RD 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

E, en uso das facultades conferidas pola lexislación vixentes, **RESOLVO:**

Primeiro.- Nomear, aos que a continuación se dirán, Concelleiros membros da Xunta de Goberno Local:

M^a Ángeles Álvarez Carro
J. Miguel Prado Cea
Manuel Ferreiro Marzoa

Segundo.- Considerarase que existe aceptación por parte dos designados en tanto non formulen oposición expresa no prazo de 3 días dende que se lles notificara ou comecen a exercer como membros da Xunta de Goberno Local.

Terceiro.- Do presente Decreto darase conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre, notificándose ademais aos designados, e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao do presente.>>

O ALCALDE,
Roberto Rey Martínez

(Documento asinado dixitalmente ao marxe)

A Corporación en Pleno queda sabedora.

12.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA Nº 2019-114, POLO QUE SE NOMEAN TENENTES DE ALCALDE (CORPORACIÓN 2019 - 2023)



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 – FRADES (A Coruña)
Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579
e-mail: correo@frades.gal

Dáse conta do Decreto da Alcaldía nº 2019-114, de 2 de xullo de 2019, que se transcribe de seguido:

<<**Descrición decreto:** DECRETO ALCALDÍA NOMEAMENTO TENENTES ALCALDE

DON ROBERTO REY MARTÍNEZ ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE FRADES

Visto o sinalado no artigo 23 da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local.

Visto o sinalado no artigo 62 da Lei galega 5/1997 de Administración Local.

Visto o sinalado nos artigos 46 do RD 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

E, en uso das facultades conferidas pola lexislación vixentes, **RESOLVO:**

Primeiro.- Nomear aos que a continuación se dirán, todos eles membros da Xunta de Goberno Local, Tenentes de Alcalde, e pola orde recollida no presente:

- M^a de los Ángeles Álvarez Carro, 1^o Tenente de Alcalde
- J. Miguel Prado Cea, 2^o Tenente de Alcalde
- Manuel Ferreiro Marzoa, 3^a Tenente de Alcalde

Segundo.- Considerarase que existe aceptación pola parte dos designados en tanto non formulen oposición expresa no prazo de 3 días dende que se lles notificara, ou comecen a exercer como Tenentes de Alcalde.

Terceiro.- Do presente Decreto darase conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre, notificándose ademais aos designados, e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao do presente.>>

O ALCALDE,
Roberto Rey Martínez

(Documento asinado dixitalmente ao marxe)

A Corporación en Pleno queda sabedora.

13.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA Nº 2019-116, POLO QUE SE DESIGNAN ÁREAS AOS CONCELLEIROS ASÍ COMO A DELEGACIÓN DAS FACULTADES DE DIRECCIÓN E XESTIÓN INTERNA DE CADA UNHA DELAS.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 – FRADES (A Coruña)
Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579
e-mail: correo@frades.gal

Dáse conta do Decreto da Alcaldía nº 2019-116, de 2 de xullo de 2019, que se transcribe de seguido:

<<**Descrición decreto:** DECRETO ALCALDÍA NOMEAMENTO CONCELLEIROS/AS

DON ROBERTO REY MARTÍNEZ ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE FRADES

Visto o sinalado no artigo 23 da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local.

Visto o sinalado no artigo 61 da Lei galega 5/1997 de Administración Local.

Visto o sinalado nos artigos 43 do RD 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

E, en uso das facultades conferidas pola lexislación vixentes,

RESOLVO:

Primeiro.- Designar aos Sres. Concelleiros seguintes as áreas expostas; os concelleiros asumirán as delegacións xenéricas que de seguido se expoñen, incluíndo ditas delegacións as facultades de dirección e xestión interna, sen comportar facultades resolutorias mediante actos administrativos que afecten a terceiros:

1.-ALCALDIA, ROBERTO REY MARTÍNEZ

URBANISMO, COMUNICACIÓN, REXIME INTERIOR, PERSOAL, DINAMIZACIÓN DEMOGRAFICA E RELACIONS VECIÑAIS.

2.-1ª TENENTE DE ALCALDE, ANGELES ALVAREZ CARRO

BENESTAR SOCIAL, MULLER, IGUALDADE, CONCILIACIÓN E ATENCIÓN O MENOR

3.-2º TENENTE DE ALCALDE, JESÚS MIGUEL PRADO CEA

PROMOCIÓN ECONOMICA, PROMOCION INDUSTRIAL, MEDIOAMBIENTE, EMPREGO E FORMACIÓN.

4.-3º TENENTE DE ALCALDE, MANUEL FERREIRO MARZOA

ECONOMIA E FACENDA, ENSINO, SANIDADE, MEDIO RURAL , LIMPEZA VIARIA, INFRAESTRUCTURAS, SERVIZOS E OBRAS MUNICIPAIS

5.-CONCELLEIRO, JESÚS FRANCOS SÁNCHEZ

MAIORES, FEIRAS E MERCADOS, TURISMO E PISCINA MUNICIPAL

6.-CONCELLEIRO, OSCAR BOTANA RÚA

NOVAS TECNOLOXIAS, VOLUNTARIADO, ILUMINACION PÚBLICA E AFORRO



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 – FRADES (A Coruña)
Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579
e-mail: correo@frades.gal

ENERXÉTICO.

7.-CONCELLEIRO, CARLOS PORTOS BRÁ

CULTURA, DEPORTES, PATRIMONIO E XUVENTUDE.

Nomeamento de alcaldes de barrio:

- Parroquia de Frades: Silvia Sánchez Souto.
- Parroquia de Gafoi: Emilio José López Souto.
- Parroquia de Ledoira: José Manuel Souto López.
- Parroquia de Moar: Iván García Sueiro.
- Parroquia de Vitre: José Rey Iglesias

Resto de parroquias:

- Parroquia de Galegos: Roberto Rey Martínez.
- Parroquia de Abellá: M^a de los Angeles Álvarez Carro.
- Parroquia de Céltigos: Jesús Miguel Prado Patiño
- Parroquia de Papucín: Jesús Francos Sánchez.
- Parroquia de Añá: Oscar Botana Rúa.
- Parroquia de Mesos: Manuel Ferreiro Marzoa.
- Aiazo: Carlos Portos Bra.

Segundo.- Considerarase que existe aceptación pola parte dos designados en tanto non formulen oposición expresa no prazo de 3 días dende que se lles notificara, ou comecen a exercer-la delegación.

Terceiro.- Os conflitos de competencias que puidesen suscitar no exercicio das respectivas delegacións, serán resoltas por esta Alcaldía-Presidencia.

Cuarto.- Delegar en todos/as e cada un/a nos Sres./as Concelleiros/as, de forma indistinta, as facultades desta Alcaldía que veñen previstas no Código Civil e nas demais normas concordantes de aplicación, para autorizar, coas formas e procedementos legais, e na súa presenza, a celebración de matrimonios civís.

Quinto.- As delegacións xenéricas e específicas asignadas, producirán efectos desde o día da sinatura desta resolución, con independencia da súa notificación aos interesados; sen prexuízo da súa correspondente publicación no Boletín Oficial da



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 – FRADES (A Coruña)
Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579
e-mail: correo@frades.gal

Provincia.

Sexto.- Do presente Decreto darase conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre, notificándose ademais aos designados, e publicarase no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ó do presente.>>

O ALCALDE,
Roberto Rey Martínez
(Documento asinado dixitalmente ao marxe)

A Corporación en Pleno queda sabedora.

14.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO DA ALCALDÍA Nº 2019-115 DE DELEGACIÓN NA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE ATRIBUCIÓNS DA ALCALDÍA

Dáse conta do Decreto da Alcaldía nº 2019-115, de 2 de xullo de 2019, que se transcribe de seguido:

<<Descrición decreto: DECRETO ALCALDÍA DELEGACIÓN COMPETENCIAS XUNTA DE GOBERNO LOCAL

DON ROBERTO REY MARTÍNEZ ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE FRADES

Visto o sinalado no artigo 21 da Lei 7/1985 reguladora das Bases do Réxime Local

Visto o sinalado no artigo 65 da Lei galega 5/1997 de Administración Local

Visto o sinalado nos artigos 43 do RD 2568/1986 polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

RESOLVO:

Primeiro.- Delegar na Xunta de Goberno Local as atribucións que lle correspondan orixinariamente á Alcaldía nas seguintes materias:

- Recoñecemento de obrigas e ordes de pagamento. Non se inclúen na delegación a amortización e intereses dos préstamos, nóminas e seguros sociais, anticipos de persoal, anuncios BOP e DOGA e os pagamentos a xustificar. Porén, por razóns de urxencia as facturas poderán ser aprobadas



Concello de FRADES

Cimadevila, 10
15686 – FRADES (A Coruña)
Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579
e-mail: correo@frades.gal

e pagadas por decreto da alcaldía sen necesidade de avocar a competencia.

- Acordos relativos a exencións, beneficios fiscais, anulación de liquidacións e devolución de ingresos indebidos ou recoñecemento de non suxeición e devolución de avais e fianzas.
- As aprobacións dos instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas Ó Pleno, así como a dos instrumentos de xestión urbanística e dos proxectos de urbanización
- O outorgamento de licenzas urbanísticas e licenzas de actividade, salvo que as leis sectoriais o atribúan expresamente ó Pleno da Corporación
- En materia de subvencións, aprobación das bases e dos acordos de concesión, non se inclúen na delegación os acordos de xustificación das subvencións.
- Aprobación de padróns en materia de ingresos.
- Recoñecemento do primeiro trienio a funcionarios ou persoal laboral.
- Informes a solicitude doutras Administracións.

Segundo.- As delegacións feitas a través deste Decreto, e de conformidade coa doutrina xurisprudencial (Sentenza do Tribunal Supremo de 2 de xuño de 2003), abranguen tamén a competencia para a resolución dos recursos de reposición (incluíndo o previsto no artigo 14 do RD Legislativo 2/2004) que puideran interpoñerse fronte ós acordos da Xunta de Goberno Local ditados en exercicio das competencias delegadas por esta Alcaldía.

Terceiro.- Queda expresamente derogada calquera Resolución feita con anterioridade que teña por obxecto o réxime da Xunta de Goberno Local previsto na presente.

Cuarto.- Do presente Decreto darase conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre, e publicarse no Boletín Oficial da Provincia, sen prexuízo da súa efectividade dende o día seguinte ao do presente.>>

O ALCALDE,
Roberto Rey Martínez
(Documento asinado dixitalmente ao marxe)

A Corporación en Pleno queda sabedora.

Non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión sendo as catorce horas vinte e un minutos da data do seu inicio.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE ASINADO DIXITALMENTE UNHA VEZ APROBADA A ACTA EN SESIÓN PLENARIA ORDINARIA DE DATA



Concello de *FRADES*

Cimadevila, 10

15686 – FRADES (A Coruña)

Tfno.: 981 69 55 67 - 981 69 56 63 Fax: 981-695579

e-mail: correo@frades.gal

11.09.2019